

1. ANINOVO DE 1860

Aguinaldo recollido no Ayes de mi país: O cancionero de Marcial Valladares.

Marcial Valladares (1821-1903) o segundo fillo de José Valladares e María de la Concepción Núñez, dedicoulle este cancionero ás súas irmáns. Familia fidalga de Vilancosta lugar da parroquia de Berres onde se encontraba a casa dos Valladares, a Casa Grande.

“(…)para Marcial Valladares, criado na aldea no seo dunha familia fidalga e coñecedor da cultura popular e do idioma, a viaxe na procura destes sinais de identidade foi relativamente curta” Fernandez Salgado, Xosé Antonio, 2005.

(Extractos do Ayes de mi País de Jose Luís do Pico Orjais e Isabel Rey Sanmartín)

Despedida de ano vello
entradiña de aninovo
os señores desta casa
as conten con grande gozo.

Catro mancebos xuntiños,
aquí xuntiños estamos
e tan cansado os catro
que é preciso alimentarnos.

De moi ben lonxe xa vimos;
moito que andar inda falta
as forzas piden reparo,
Mollo as gorkas, e non de auga.

Chouriziños, longanizas
uña de porco, fuciño,
de xamón dúas tortillas,
con dous xerriños de viño.

Abran as portas, Señores,
que por honrados nos temos
e sabe Dios se para o ano
á porta lles cantaremos.

De cantar xa nos cansamos;
por pobres non nos desprecien,
que, s'algo os ricos non dan
os pobres mal se remexen.

Vivan e vivamos todos,
que para todos Dios dou;
Saudiñas; cante o merlo;
adiós ano que acabou.

Aninovo, benvenido,
pórtate ben para nós
e coa xente d'esta casa,
que a todos nos criou Dios.

2. REISES DE BENDOLLO.

Recollidas no Cancioneiro Antropolóxico de Quiroga, Ribas de Sil, e Montañas do Lor de X.L. Foxo.

O rexurdimento musical galego comeza a finais do século XVIII grazas á creación de panxoliñas.

José Pacheco, finado en 1885, mestre de capela de Compostela, deixou escritos moitos cantos de Nadal que se implantaron na poboación grazas ao labor dos Cregos.

Tamén os mestres das catedrais de Ourense, Mondoñedo e Tui compuxeron abundante literatura do ciclo de natal, usando como referencia melódica o son da gaita.

Reises, Reises miña tía
Chouriciños á potiña.
Reises, Reises miña tía
Chouriciños á potiña.

Dénolo aguinaldo
anque sea pouco
chouriciño e medio.
e *mitá* do outro,
dénolo aguinaldo
si no lo ha de dar,
que somos de lexos
temos que marchar.

Estas portas son de ferro
eiquí vive un *caballero*
eiquí vive e vivirá
e o aguinaldo nos dará.

Dénolo aguinaldo
anque sea pouco
chouriciño e medio.
e mitá do outro
dénolo aguinaldo
si no lo ha de dar
que somos de lexos
temos que marchar.

Estas portas son de pino
aquí vive un gran cochino
eiquí vive e vivirá
e o aguinaldo non nos dá.

Dénolo aguinaldo
anque sea pouco

chouriciño e medio.
e mitá do outro
dénolo aguinaldo
si no lo ha de dar
que somos de lexos
temos que marchar.

Estas portas son de pau
aquí vive un gran marrao
aquí vive e vivirá
e o aguinaldo nos dará.

Dénolo aguinaldo
unque sea pouco
chouriciño e medio.
e mitá do outro
dénolo aguinaldo
si no lo ha de dar
que somos de lexos
temos que marchar.

3. MAITINES DE MONTEMAIOR

Ata agora só se ten coñecemento da existencia do concepto de maitines na zona de Bergantiños e, nalgún caso, en zonas limítrofes.

Estes maitines etas inspirados nunha mestura da melodía e letra cantada pola Señora Olimpia de Santa Margarita de Montemaior, recopilado no RAICEIRAS II, traballo feito por Mercedes Peón e Nando Cruz, e ampliado cunha letra duns maitines recollidos por Cantigas e Agarimos, da zona de Oza (Carballo).

As festiñas de Nadal
son festiñas de alegría
camiñando vai José
e máis a *Virgen* María.

Cuando a Belén llegaron
La medianoche sería
Abre las puertas puertero
A José y a Maria.

A la media noite en ponto
la Virgen parido había
Tivo un neno tan fermoso
que el mismo Dios parecía.

4. CAMINIÑO, CAMINIÑO

Extracto recollido en Soutelo de Montes, Forcarei, En 1983 a Dolores Portos por Xosé Luís Rivas.

A Virxe e o cego é un romance que trata dunha das pasaxes apócrifas da sagrada familia camiño de Belén: O Neno tiña sede e foi socorrido por un cego que coida dunhas laranxeiras, e por deixarlle coller delas, en recompensa, a Virxe devólvelle a vista ao cego. Romance coñecido en toda a península e parte de latinoamerica. Esta versión é cantada, algo pouco frecuente neste romance tradicional que adoita ser recitado.

Caminiño caminiño,
caminiño de Belén,
caminiño de Belén.
Como o camiño era largo
ó neno pegoulle a sede,
ó neno pegoulle a sede.

Non pidas auga, meu neno
Non pidas auga Manuel,
Non pidas auga Manuel.
Viron unha laranxeira
Cheiña a máis non poder,
Cheiña a máis non poder.

O dono da laranxeira
é un cego que non ve,
é un cego que non ve.
Cego dame unha laranxa
para o neno que trae sede,
para o neno que trae sede.

Colla vostede as que queira
as que poida apetecer,
as que poida apetecer.
O neno como era neno
non deixaba de coller,
non deixaba de coller.

Pero as que collía a Virxen
pero as que collía a Virxen
volvían a florecer,
volvían a florecer.
Apenas marchou a Virxe,
Apenas marchou a Virxe,
o cego comeza a ver,
o cego comeza a ver.

¿quen sería esa señora
que me fixo tanto ben?
que me fixo tanto ben?
que me fixo tanto ben?
que me fixo tanto.....ben?

5. OS REIS DE ORIENTE

Recollida por Dorothé Schubarth e Antón Santamarina a Concha e Felisa en Arzádegos –
Vilardevós, no ano 1981. Compilada no Cancioneiro Popular Galego.

Fragmento dunha entrevistas a D. Xaquín Lorenzo “Xocas” realizada por Dorothe Schubarth en Lobeira, Ourense, no ano 1985. (Fonte da entrevista no Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade)

“ aconteceu unha cousa moi curiosa no ano 1931 cando se proclamou a República. Chegou a época de Navidade e a xente non se atrevía a sair a cantar os reises, por aquilo de que xa non había Rei, e a xente tiña medo de que se metesen con ela.

Estabamos entón en Lobeira, miña nai meu irmao i eu, e claro, enteirámonos daquilo e dixemos

–Bueno, esto non pode ser! ... porque vánsenos perder os reises!

Entón eu tocaba a bandurria, meu irmao tocaba moi ben a guitarra i un veciño noso tocaba a flauta e chamámolo:

–¡Gerardo vente connosco!

Botámonos ao cair o sol, botámonos á calle e fomos casa por casa cantándolle nós os reis aos veciños, cando rematamos na última casa, viña todo o pobo detrás de nós.

Fómonos para casa i entón empezan a aparecer os que nos viñan a cantar os reis, posto que nós saímos a cantar e que non había peligro. Viñeron os nenos, logo os mozos, despois as mozas, e despois os vellos. ¡Viñeron tamén a cantarnos os vellos! ”

(D. Xaquín Lorenzo foi un eminente etnógrafo. Naceu no 1907 en Ourense e faleceu no 1989 en Lobeira. Foi o autor, entre moitas outros traballos, do Cancioneiro Tradicional da Baixa Limia. Cofundador do Museo do Pobo Galego, foi o primeiro Presidente do seu Padroado.)

Fermosa e fulxente

aí vén a estrela,

i-aí veñen tras dela,

os Reis do Oriente

e aí veñen os Reis do Oriente.

I aí veñen de lonxe
de alá do horizonte
xa baixan do monte,
xa van a chegar.

Tres magos que aí veñen
de alá presurosos
veloces e ansiosos
ao Neno adorar.

Fermosa e fulxente
aí vén a estrela,
i-aí veñen tras dela,
os Reis do Oriente
e aí veñen os Reis do Oriente.

Luxosos criados
Con grandes mantelos
e enormes camelos
Séguenlle detrás.
Enormes cabalos
moi ben adornados
van neles montados

marchando ao compás.

Fermosa e fulxente

aí vén a estrela,

i-aí veñen tras dela,

os Reis do Oriente

e aí veñen os Reis do Oriente.

Enriba un pesebre

a estrela detense

e aumenta a súa clara

simbólica luz.

Os Reis de xeonllos

ao ceo imploran

e humildes adoran

ao Neno Xesús.

Fermosa e fulxente

aí vén a estrela,

i-aí veñen tras dela,

os Reis do Oriente

e aí veñen os Reis do Oriente.

6. AS XANEIRAS

Recollidas en Moscoso, Pazos de Borbén, Pontevedra, no ano 1990 por Carlos Rey (Pallamallada) ao Señor Aurelio Veiga.

En realidade, o que hoxe chamamos ciclo de Nadal, non é máis que unha aglomeración de festas que noutros tempos se celebraban ao longo do ano e, por uns ou outros motivos, foron xuntándose entre as datas do 24 de decembro ao 6 de xaneiro.

Das diferentes celebracións que compoñen o ciclo “nadais, “rondas”, aninovos, “Manueles”, xaneiras, “candelarias”, reis profanos, reis litúrxicos” tan só os nadais e os reis teñen pleno carácter relixioso (cristián).

Así, a petición dos aguinaldos, que hoxe aparecen xunguidos como corpo final das cantigas do Ciclo, foron noutro tempo cancións independentes, e a súa antigüidade e moi superior a outra actividade musical destas datas.

Na Galiza os aguinaldos como cancións independentes son un xénero practicamente perdido.

Os poucos casos que constatamos teñen unha fórmula cristianizada –alusión a algún santo, Xesús, A Virxe...- para salvarse da táboa rasa que facía a Igrexa para erradicar as reminiscencias pagás. No caso concreto desta canción trátase dunhas xaneiras ou aguinaldo puro, no que o único fin das cantigas é o de xuntar comida ou cartos para logo facer unha festa. En moitos lugares, a este xénero denomínaselle Os “Manueles” por ser o primeiro de ano o día da súa onomástica.

Aquí estamos os das xaneiras
dispostos para cantar
Se o señor nos da licencia
ímolas a comezar.

Esta casiña faiada
faiadiña de cañizo
o señor que vive nela
Ten que nos dar un chourizo.

Ai la la la la ra la la laa...

Ai la la la la ra la la laa...

Esta casiña faiada
faiadiña de papel
moitos anos anos vivan nela
María e máis Manuel.

Esta casiña faiada
miña nai faieina eu
esta rapaza bonita
miña nai quéroa eu.

Ai la la la la ra la la laa...

Ai la la la la ra la la laa...

Esta casiña faiada
faiadiña de *torróns*
ao homiño que hai nela
que lle caian os calzóns.

Esta casiña faiada
por dentro coma por fóra
que por moitos anos vivan
los señores que la moran.

Ai la la la la ra la la laa...

Ai la la la la ra la la laa...

7. PROSAS DE REIS

Os cantos do ciclo de Nadal levan en Rianxo o nome xenérico de Prosas. Descoñecemos a orixe deste termo. Como simple hipótese suxerimos que, talvez, se trate dun préstamo da liturxia relixiosa, na que a prosa era una secuencia que en certas solemnidades se dicía ou se cantaba despois do aleluia ou o tracto.

A dinámica das prosas é similar a doutros lugares da Galiza. Un grupo de mozos e mozas saen a cantar polas portas pedindo o aguinaldo . Antes de comezar, solicitan licenza e agardan a se as persoas de dentro da casa acceden ou non. Fórmanse entón dous bandos que alternativamente cantan as estrofas. Finalmente, dáse a despedida e os donos e donas da casa entréganlle aos cantores e cantoras o aguinaldo en forma de diñeiro ou especies. Todo o recadado xuntábase para facer unha festa e ate para contratar a un músico, se os presentes foran suficientemente abastados.

As nosas prosas son a mestura de dúas versións, cantadas por María Tubío, de 71 anos, natural do concello de Lousame mais residente en Taragoña, e Rosa Quintáns, de 94 anos, de Ourille, hoxe xa falecida. Ambas as variantes dunha mesma prosa de Reis eran moi semellantes, o que nos permitiu reconstruír o texto completamente.

As comidas típicas do Nadal rianxeiro eran a caldeirada de bacallau e as castañas maias.

É descortesía, é desobediencia,
chegar a estas portas sen pedir licenza
sen pedir licenza, sen pedir licenza
é descortesía, é desobediencia.

Felices festas, os Reises
teñan vosas señorías
vostedes e outros máis
con praceres de alegría.
Alegría, alegraina,
velaí ven os tres reinados
Velaí ven os tres reinados

todos tres en tres cabalos.

Para onde van os reises,
para onde camiñaban?
Para San Pedro de Muros
que boa terra levaban.
O camiño non sabían
unha estrela os guiaba
Ai, que estrela máis fermosa
que aos reises alumaba.

Un ofreceulle ouro
como o rei do gran tesouro
outro lle ofreceron mirra
como rei de gran partida
outro lle ofreceron cienso
como o rei do gran contento
ata os santos lle dixeron
hai que rico ofrecemento.

Felices festas, os Reises,
son as segundas do ano,
onde hai duques e doncelas
o Rei pide o aguinaldo,
e nós tamén llo pedimos
a este cabaleiro honrado.
Que a noite está moi fría
non se pode tolerar,
Os zapatos valen caros,
non os podemos danar.

Caeu a folla da viña
caeu a folla da viña
vivan os amos da casa
e máis a súa familia.

8. COPLAS DE NADAL DE SOUTOXUSTE

Recollidas por Alan Lomax en Soutoxuste, Redondela, no ano 1952.

No ano 1950 Alan Lomax chegou a España co obxectivo de asistir a un encontro internacional de música folclórica que se celebraba en Mallorca.

Desde esta illa comezou a realizar numerosas gravacións que se converteron nunhas das primeiras recompilacións da música tradicional por todo o estado.

Somos os de Soutoxuste
aquí lles vimos cantar,
coas cariñas alegres
cheas de felicidade,
coas cariñas alegres
cheas de felicidade.

Vinde mociños e mozas
vinde a ver ao noso ben,
que esta durmido nas pallas
na *chouciña* de Belén,
que esta dormido nas pallas
na *chouciña* de Belén.

Señores, nos despedimos
que nos queremos marchar
que de aquí a Soutoxuste
temos moitiño que andar,
que de aquí a Soutoxuste
temos moitiño que andar.

